

PROXECTO ,MODIFICADO :

PAVIMENTACIÓN E AMPLIACIÓN DO CAMIÑO RURAL DE VILARREIS

PETICIONARIO : **EXCMO CONCELLO DE MEAÑO**

SITUACION : **VILARREIS – DENA (PONTEVEDRA)**

1.- MEMORIA DESCRIPTIVA

1.1.- OBJETO DA MEMORIA :

O obxecto do presente proxecto modificado é a descrición das obras a realizar na pavimentación e ampliación do camiño rural de Vilarreis, a causa dunhas variacións no trazado do camiño.

Coa presente obra mellorarase a circulación dos vehículos no camiño de Vilarreis, adecuando a capa de rodadura, reconstruíndo os muros de contención que existen en varios tramos, retranqueando onde é posible a súa aliñación ata os 4,00 m. de distancia ata o eixe e modificar a rasante no lugar de Abuín para poder aumentar a visibilidade.

O presente proxecto consta dos seguintes documentos :

- **Memoria.**
- **Anexos á Memoria.**
- **Planos.**
- **Estudo Básico de Seguridade e Saúde.**
- **Prego de Condicións.**
- **Presuposto.**

1.2.- EMPRAZAMENTO E ZONA DE ACTUACIÓN

A obras que se describen no presente Proxecto executarase no concello de Meaño, e correspóndese co camiño que vai dende o cruce da PO-9303 no lugar de Morouzos, pasando por Vilarreis e rematando no lugar de Abuín, na parroquia de Dena (Meaño).

2.- MEMORIA URBANÍSTICA

O proxecto vaíse a executar nun camiño público, en onde os terreos está calificados como **SOLO DE NÚCLEO RURAL**

Tratase de obras de pavimentación, reconstrución de muros e recollida de pluviais, que cumpren o esixido no PXOM de Meaño e a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 e pola lei 2/2010 de medidas urxentes de modificación da lei 9/2002, do 30 de decembro

3.- DESCRICIÓN DAS OBRAS

3.1.- CARACTERÍSTICAS XERAIS

A presente obra ten como finalidade a de mellorar as condicións xerais do camiño rural de Vilarreis.

A efectos do Proxecto, o camiño comeza na estrada PO-9303 no lugar de Morouzos e remata no lugar de Abuín, con unha lonxitude de 875 metros.

Preténdese realizar un ensanche retranqueando as aliñacións ata os 4,00 m. ao eixe do actual camiño, por un marxe e polo outro ou incluso en tramos cara os dous márxenes, acadando 8,00 m. de sección total, salvo en tramos do mesmo, nos que por existir edificacións ou aliñacións consolidadas, a sección manterá os anchos actuais, tal e como se reflicte nos planos de obra.

Procederáse ó retranqueo, construción e reconstrución dos muros existentes na aliñación proxectada, tanto polo marxe dereito como polo esquerdo.

Nas parcelas na que a diferenza de cota é significativa, unha vez desmontado o terreo, procederáse á construción dos muros de contención con bloques de pedra granítica.

Os muros de peche das fincas, que non necesitan contención, ou que esta contención sexa moi pequena, realizaranse con filas de pedra de granito caravista, con recheo de formigón polo lado da contención.

Realizarase o retranqueo de 2 galpóns agrícolas, para deixalo na aliñación establecida.

Co ensanche afectaranse varios sistemas de viñado, que terán que trasladarse á aliñación proxectada.

Despois de realizar a reconstrución dos muros, procederáse a realizar a sub-base nos ensanches con zahorra compactada e rega de imprimación e posteriormente procederáse a pavimentar cunha nova capa de rodadura de 6 cm. de mestura bituminosa en quente todo o vial.

Posteriormente ó asfaltado, procederáse á corrección das tapas de rexistro afectadas.

Ademais deixarase executada a instalación de saneamento para augas pluviais, con colocación de 23 sumidoiros de calzada e unha canalización con tubo de PVC de 315 mm. de diámetro, con 9 pozos de rexistro que se instalarán na conexión dos distintos tramos.

No lugar de Abuín procederase ó rebaixe da rasante en 90 cm., na parte máis desfavorable para mellorar a visibilidade, tal e como se sinala nos planos da obra. Nesta zona tamén se reforzará unha cuneta existente con moita altura, con dous muros de formigón e unha reixa de ferro fundido.

3.2.- CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS

- **Replanteo e sinalización das obras :**

Inicialmente, levaranse ó terreo os datos expresados na Documentación Gráfica, fixando os itinerarios dos camiños a mellorar e sinalizando adecuadamente a zona de execución das obras.

- **Movimentos de terra e limpeza :**

Escavación das zonas ampliadas, desmontando taludes e formando a caixa necesaria para o recheo con zahorra, por medios mecánicos, incluso transporte de produtos a vertedoiro

Procederese inicialmente a unha limpeza da cancha total do camiño, por medios mecánicos e manuais, con retirada de sobrantes, carga e transporte a vertedoiro.

Escavación de zanxa de pluviais con retroescavadora, en terreos de consistencia dura, con extracción de terras o borde, i/p.p. corte de asfalto e transporte de sobrantes a vertedoiro.

Escavación de firme para modificación de rasante con apertura de caixa por medios mecánicos, incluso transporte de produtos a vertedoiro.

- **Muros e outros traballos.**

Construción de muro de contención formado con bloques de pedra granítica de 500-700 kg de peso colocados con camión-grúa.

Muro de perpiaño de 20 cm. de espesor e 45 cm. de altura a dúas caras vistas de pedra de granito, recibida con mortero de cemento M 5, i/cimentación de formigón, e recheo do trasdos cando sexa necesario, posta da pedra a pe de obra, rexuntado e limpeza da mesma. Incluso postes intermedios cada 3,00 m. de 0,20x0,20.

Partida alzada man de obra para traslado de postes e vigas de emparrados e viñedos en espaldeiras e a súa reconstrución a distancia necesaria, incluído alambrado.

Demolición parcial e retranqueo de galpón agrícola.

Desmontaxe, e reconstrución de muro de cerre con perpiaño de 0,20 de espesor, incluso excavacion de gabia e cimentación de formigón, utilizando a mesma pedra do muro actual. Incluído i/encintado do muro

Muros de formigón armado tipo HA-25/P/40IIA vibrado, colocado, incluso encofrado.

- **Saneamento-pluviais :**

Ud. Sumidoiro de calzada para desaugue de pluviais, de 30x50 cm. e 60 cms. de profundidade, sobre soleira de formigón HM-20 N/mm²., realizada con ladrillo macizo de 1/2 pe de espesor, enfoscada interiormente, con saída para tubo de diámetro 315 mm. situada a súa arista inferior a 20 cms. do fondo do sumidoiro, incluso reixa de fundición de 300x500x30 mm. sobre cerco de angular de 40x40 mm. recibido a fábrica de ladrillo.

MI. Tubería de PVC para evacuación e desaugue en canalizacións subterráneas de 315 mm. de diámetro y 7.7 mm. de espesor, unión por xunta elástica, cor laranxa, colocada sobre capa de area, i/ p.p. de pezas especiais segundo UNE 53332.

Pozo de rexistro con arillos prefabricados de formigón en masa cun diámetro interior de 80 cm. e unha altura total de pozo de 1,1 m., formado por cubeta base de pozo de 1,15 m. de altura sobre soleira de formigón HNE-20 N/mm² lixeiramente armada, arillos de 1 metro de

altura, e cono asimétrico de remate final de 60 cm. de altura, incluso selado do encaixe das pezas machiembradas, recibido de pates e tapa de fundición de 60 cm.

MI. Reixa de fundición en módulos de 75x40 para salvacunetas, incluso colocación.

- **Pavimentación :**

O pavimentado do camiño reflíctese nos planos correspondentes.

Capa de zahorra, incluso estendido e compactación en formación de bases nas zonas onde sexa necesario. Nesta zona aplicarase unha rega de imprimación con emulsión tipo ECI cunha apartación de 1,5 Kg/m².

Pavimentación a base de Mestura bituminosa en quente tipo D-12, incluso betún, filler e sen rega de adherencia, totalmente estendida e compactada. Densidade 2,40 tm/m³.

Previamente a aplicación da mestura bituminosa en quente, procederase a efectuar a rega de imprimación con Emulsión bituminosa ECI con densidade 1,5Kg/m².

- **Reposición de pozos de rexistro :**

Corrección a nova rasante de tapa de pozo de rexistro, sumidoiro ou arqueta.

4.- SERVICIOS AFECTADOS (ESTUDIO CIRCULACION)

Dada a situación e a traza por onde discorren as obras, prodúcese interferencias no vial que vai dende o cruce da PO-9303 no lugar de Morouzos, pasando por Vilarreis e rematando no lugar de Abuín. Polo que se ten previsto utilizar un vial alternativo que da acceso ao lugar de Abuín dende outro cruce da estrada PO-9303, co que se paliarán as interferencias que poidan causarse como consecuencia das obras. No obstante, a execución das obras farase de maneira parcial, afectando soamente a un marxe do vial e mantendo a posibilidade de circulación polo resto do vial, coa sinalización adecuada.

Adxuntase anexo 3, onde se inclúe plano de alternativas de circulación no momento de

realizar o asfaltado da traza completa ou naqueles outros nos que por motivos das obras sexa preciso proceder ao corte do tráfico, e a sinalización tipo que debera realizarse durante as obras para vías de dúas direccións sen eixe marcado.

Para o caso do corte de tráfico, os veciños que teñen as vivendas dentro do tramo das obras, quedaralle aberto o acceso fora do horario laboral no que se fagan os traballos.

5.- NORMAS CONSTRUTIVAS.

Ademais das normas contempladas no Prego de Prescricións Técnicas do presente Proxecto, na execución das obras que nos ocupan, teranse en conta as seguintes :

A contrata deberá de axustarse estritamente ós prazos parciais e total da execución das obras que figuren no Prego de Condicións Administrativas de Contratación a que será sometido este Proxecto.

Todo aquilo que expresamente non estivera establecido no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, regularase polas normas establecidas na vixente lexislación aplicable a este tipo de obras, indicadas no apartado 10 de lexislación aplicable.

6.- PLAN DE OBRAS E PRAZO DE EXECUCIÓN

Segundo o Art. 123, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no que se indica a obrigatoriedade de incluír na memoria dos proxectos, un programa de desenvolvemento dos traballos ou un plan de obra con carácter indicativo, e á vista das características das obras que se inclúen na presente memoria, estímase necesario e suficiente un prazo de **4 MESES** para a execución das obras, a partir da firma da Acta de Comprobación e Replanteo.

O prazo de garantía das obras, será de **12 MESES** a partir da firma da Acta de Recepción das mesmas.

7.- XUSTIFICACIÓN DE QUE A MEMORIA SE REFIRE A UNHA OBRA COMPLETA.

De conformidade cos Art. 125 e 127.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, que aprobou o "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas", faise constar que o presente Proxecto se refire a unha obra completa, susceptible de ser entregada ó uso xeral ou ó servizo correspondente, e comprende todos e cada un dos elementos que son precisos para a execución da mesma.

8.- AUTORIZACIÓN E CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS :

No Art. 123, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público se indica *"Aprobado el proyecto y previamente a la tramitación del expediente de contratación de la obra, se procederá a efectuar el replanteo del mismo, el cual consistirá en comprobar la realidad geométrica de la misma y la **disponibilidad de los terrenos precisos para su normal ejecución**, que será requisito indispensable para la adjudicación en todos los procedimientos"*

Dado que se trata de actuacións encamiñadas á pavimentación de camiños municipais, o concello pon a disposición os terreos municipais.

O ensanche ademais de terreos públicos, afecta a terreos de propiedade privada. Para a ocupación destes terreos, segundo as indicacións facilitadas, o concello dispón das autorizacións dos propietarios.

9.- SEGURIDADE E SAÚDE.

De conformidade co establecido no Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro (B.O.E. nº 256 do 25 de outubro de 1997), que derogou o real Decreto 555/1986 do 21 de febreiro, que establece a obrigatoriedade da inclusión do Proxecto dun Estudo de Seguridade e Saúde ou ben dun Estudo Básico de Seguridade e Saúde das obras, dependendo das características do Proxecto.

10.-FÓRMULA DE REVISIÓN DE PREZOS :

De acordo co Art. 89, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e tendo en conta as características do presente proxecto, non resulta precisa a proposta dunha fórmula de revisión dos prezos.

11.- PRESUPOSTO

Ascende o presuposto de execución material do presente proxecto á cantidade de **CENTO VINTE MIL CENTO CINCUENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (120.154,88 €)**, desglosado nos seguintes capítulos :

CAPITULO	RESUMEN	EUROS
1	MOVEMENTO DE TERRAS.....	12.701,91
2	MUROS E OUTROS TRABALLOS.....	37.337,04
3	PAVIMENTO.....	46.839,36
4	SANEAMENTO PLUVIAIS.....	21.017,14
5	CORRECCION DE POZOS E PASOS.....	539,12
6	SEGURIDADE E SAUDE.....	1.243,91
7	XESTION DE RESIDUOS.....	476,40
	PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	120.154,88
	13,00 % Gastos xenerais.....	15.620,13
	6,00 % Beneficios industriais...	7.209,29
	Suma.....	22.829,42
	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN SEN IVE	142.984,30
	21% I.V.A.....	30.026,70
	PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	173.011,00

Ascende o presuposto á expresada cantidade de **CENTO SETENTA E TRES MIL ONCE EUROS (173.011,00 €)**.

En Cambados, a día 23 de xuño de 2014

Ado.: GABINO GRANDE TORO
ENXEÑEIRO T. AGRICOLA (Colex. 854)
ENXEÑEIRO AGRONOMO (Colex. 761)